

# CAMPAÑA NEVE

# 2025



Do 10 de xaneiro ao 17 de febreiro

**PAZO INSCRICIÓN: DO 08/11/2024 AO 02/12/2024**



**Valgrande-Pajares**



**Á rapazada de entre 11 e 15 anos, inclusive, cumpridos a 31/12/2024**



**Inscripcións no teu concello de empadramento da provincia da Coruña**



Ademais dos cursos de esquí, contaremos con actividades complementarias, ou alternativas no caso de que non se poida esquiar.



**Deputación  
DA CORUÑA**

Compromiso co deporte

### INFORMACIÓN:

Sección de Deportes da  
Deputación da Coruña  
[www.dacoruna.gal/deportes](http://www.dacoruna.gal/deportes)  
tlf. 981 080 319  
[deportes@dacoruna.gal](mailto:deportes@dacoruna.gal)

### LUGAR

Valgrande-Pajares (Asturias)

### ALOXAMENTO

Albergues a pé de pista na Estación invernal de Valgrande-Pajares.

### DURACIÓN

De venres a luns.

### SAÍDA

Venres pola mañá, nos puntos de recollida, que se publicarán no portal da Deputación da Coruña.

### REGRESO

Luns, despois do almorzo.

### DESTINATARIOS

Rapazada empadroada nun concello da provincia da Coruña, de 11 a 15 anos inclusive, cumpridos a 31 de decembro de 2024. Terá preferencia a rapazada que non realizase ningunha campaña de neve da Deputación.

### COTA DE INSCRICIÓN

85 € (oitenta e cinco euros). Será ingresada na conta bancaria que se publicará no portal da Deputación da Coruña, facendo constar o nome da participante, Concello e "Campaña de neve 2025".

### INCLÚE

Transporte, estadia e manutención na estación invernal de Valgrande-Pajares, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento de material, remontes mecánicos e todo o gasto que ocasionen as actividades e cursos programados.

### DOCUMENTACIÓN

Para a formalización da solicitude de inscrición, debes entregar no teu Concello:

#### a) PRIMEIRO PRAZO

1. Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada pola persoa representante legal.
2. Fotocopia da tarxeta sanitaria da participante.
3. Fotocopia do carné de identidade ou libro de familia.

#### b) SEGUNDO PRAZO: unha vez sexa confirmada a súa praza polo teu Concello.

4. Copia de aboamento da cota de inscrición, tras ser publicado o número de conta no portal da Deputación de Coruña.
5. No caso de que a participante estivese a tratamento, ou padecese doenza, intolerancia alimentaria ou alerxia que deban ser ter tidas en conta, adxuntarase certificado médico asinado por facultativa e documento de autorización de medicación.

### EQUIPO

- Gorro.
- Guantes.
- Gafas de esquí e de sol.
- Anorak térmico.
- Pantalón impermeable ou similar.
- Rroupa de rúa (pantalóns, zapatos, suadros).
- Equipamento deportivo (camisetas, pantalóns, calcetíns, chancletas para ducha, chándal e zapatillas de deportes).
- Chuvasqueiro.
- Mochila pequena.
- Útiles de aseo (xampú, peite, pasta de dentes e cepillo, desodorizante), toalla de ducha.
- Pixama, roupa interior.
- Crema protectora do sol, factor 25 mínimo.
- Calzado impermeable para a realización de actividades de neve.

### IMPORTANTE

O material propio da actividade deportiva entregaráselle a cada participante durante a celebración da Campaña de neve.



# CONCELLOS POR QUENDA

## 1.ª QUENDA (do 10 ao 13 de xaneiro)

Abegondo, Aranga, Arzúa, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Cabanas, Coirós, Curtis, Frades, Irixoa, Melide, Mesía, Miño, Monfero, Oza–cesuras, Paderne, Pontedeume, Santiso, Sobrado, Toques, Vilarmajor e Vilasantar.

## 2.ª QUENDA (do 17 ao 20 de xaneiro)

Arteixo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada.

## 3.ª QUENDA (do 24 ao 27 de xaneiro)

Ares, Capela (A), Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontes de García Rodríguez (As), San Sadurniño, Somozas (As) e Valdoviño.

## 4.ª QUENDA (do 31 de xaneiro ao 3 de febreiro)

Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Cerceda, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, Laracha (A), Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo e Zas.

## 5.ª QUENDA (do 7 ao 10 de febreiro)

Boiro, Brión, Dodro, Lousame, Mazaricos, Muros, Negreira, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal (A), Porto do Son, Rianxo, Ribeira e Rois.

## 6.ª QUENDA (do 14 ao 17 de febreiro)

Ames, Baña (A), Boqueixón, Ordes, Oroso, Pino (O), Santiago de Compostela, Teo, Tordoia, Touro, Trazo, Val Do Dubra e Vedra.

# FIGHA DE INSCRICIÓN

Concello: .....

### Datos da persoa participante:

Apelidos: .....

Nome: .....

Data de nacemento: .....

Nivel de esquí:  Moito  Pouco  Nada

### Datos da persoa representante legal:

Apelidos: .....

Nome: .....

DNI: .....

Teléfono de contacto: .....

### No caso de urxencia, avisar a:

Apelidos: .....

Nome: .....

Correo electrónico: .....

Os datos serán tratados pola Deputación de Coruña, con enderezo en avenida do Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña, para xestionar a solicitude e o desenvolvemento da actividade. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento explícito que o asinante outorga á Deputación Provincial coa sinatura e o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Os datos serán tratados pola empresa adxudicataria da prestación dos servizos de organización, coordinación e realización da Campaña de Neve Deputación da Coruña 2025, a través do encargado do tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario, para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obrigação legal. Así mesmo, poderán ser comunicados aos servizos sanitarios e á empresa aseguradora no caso de que a persoa sufra algún accidente. A Deputación conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Se consideran que o presente tratamento incumpre o establecido no RXP, poden presentar unha reclamación ante a AEPD. Para calquera outra dúbida relacionada coa protección de datos, as persoas interesadas poden dirixir un correo a [delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal](mailto:delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal)

1.º Autorizo a asistencia da menor.

2.º Declaro que non padece ningunha doenza que lle impida participar no campamento deportivo.

3.º Autorizo a toma de imaxes para a reportaxe gráfica e de vídeo coa finalidade de difundir a actividade pola Deputación da Coruña e a constitución dun banco de imaxes con acceso limitado aos representantes legais.

SI  NON

4.º En caso de ser maior de 14 anos, autorizo a toma e uso de imaxes para a reportaxe fotográfica e de vídeo coa finalidade de difundir a actividade pola Deputación da Coruña e a constitución dun banco de imaxes con acceso limitado.

SI  NON

A non autorización será tida en conta para os efectos de evitar no posible recompilar imaxes da/o menor. En todo caso, sendo tomada a dita imaxe a través de fotografía, vídeo ou calquera outro medio de captación, procederase a distorsionar os seus trazos diferenciadores, sobre todo cando na foto concorra a súa imaxe coa doutros compañeiros cuxos representantes legais si autorizasen, nos termos aquí previstos, o uso, tratamento e cesión da súa imaxe.

5.º Declara que na súa condición de representante legal, solicitou o consentimento e a autorización das outras persoas representantes legais.

6.º Logo de ler a información en materia de protección de datos incluída no presente formulario, consinto o tratamento dos datos persoais que constan nel, así como na documentación achegada.

En....., a ..... de .....de 2024.

.....  
A inscrición debe estar asinada pola persoa representante legal.

CAMPAÑA NEVE 2025

### Actividades

Os participantes gozarán de catro días na estación invernal de Valgrande-Pajares. Ademais dos cursos de esquí, contaremos con actividades complementarias, ou alternativas no caso de que non se poida esquiar.

